



## Reserva de prazas da Residencia do CIFP de Vilamarín para o curso 2024-25

### ALUMNADO QUE ESTIVO NA RESIDENCIA NO CURSO ANTERIOR (2023/24)

#### Requisitos da admisión de solicitudes para alumnado que estivo na residencia no curso 2023/24

- Estar matriculado/a no CIFP de Vilamarín no curso 2024/25.
- Non ter contraída ningunha débeda nin coa residencia nin co centro educativo.
- **Non ter sido expulsado/a da residencia anteriormente de forma definitiva ou varias expulsións temporais.**

O alumnado residente que estivese no curso pasado e, **que reúna os requisitos de admisión** e teña feito a solicitude cuberta no prazo de matrícula teñen **praza garantida** na residencia para o curso 2024-25.

### ALUMNADO DE NOVA INCORPORACIÓN A RESIDENCIA

**Número de prazas ofertadas alumnado de nova incorporación: 20**

#### Requisitos da admisión de solicitudes para alumnado.

- Cubrir o impreso de solicitude da residencia e presentalo antes do 30 de xullo de 2024.
- Estar matriculado no CIFP de Vilamarín antes do 30 de xullo de 2024.
- **Non ter sido expulsado/a da residencia anteriormente de forma definitiva ou varias expulsións temporais.**

No caso de que non haxa prazas de habitacións da residencia suficientes para atender todas as solicitudes de reserva e/ou de admisión, para determinar a orde de prelación do alumnado, teranse en conta os seguintes criterios:

1.- Situación xeográfica, dificultade de medio de transporte público ao CIFP (3 puntos).

\*Presentar de certificado de empadramento.

2.- Familia numerosa (2 puntos).

\* Presentar certificación de familia numerosa.

3.- Preferencia de alumnado con irmáns matriculados/as na residencia (2 puntos).

4.- Renda familiar. A efectos deste apartado se computará o exercicio 2023, e aplicarase os limiares de renda e patrimonio familiar recollidos na convocatoria do Ministerio de Educación Formación Profesional e Deportes-BECAS do curso 2024/25 RD/201/2024 do 27 de febreiro, puntuando da seguinte maneira:

Por debaixo do limiar de 1 - (3 puntos).

Entre o limiar de 1 a 2 - (2 puntos).

Entre o limiar de 2 a 3 -(1 punto).

\*Declaración da renda do exercicio 2023.





5.- Nota media de acceso ós estudos: A Nota media se puntuará 0,5 puntos por cada punto superior a 6.  
Rendemento académico: Terase en conta media obtida no curso escolar 2023/24 anterior, acreditada mediante o certificado oficial de notas. Cando non cursase estudos no curso inmediatamente anterior, terase e conta a nota media do último curso que realizase.

7.- En caso de empate primarase:

- 1º Ter irmáns no centro,
- 2º Carecer de transporte público para desprazarse ao centro.

8.- De persistir empate, realizarase sorteo público.

### **Documentación que debe presentar para ser seleccionado segundo baremo.**

- 1- Presentar o certificado de empadramento.
- 3- Presentar o certificado de familia numerosa.
- 4- Declaración da renda do exercicio 2023.
- 5- Certificado de notas do curso 2023-24 coa nota media, ou do derradeiro curso realizado.

### **Prazos de publicación de prazas para alumnado de nova incorporación.**

**\* As publicacións estarán no taboleiro do centro e na páxina:**

[web//https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpdevilamarin/](https://www.edu.xunta.gal/centros/cifpdevilamarin/)

**\* Horario do centro de 10:00H -13:00H do 1 ao 6 agosto.**

Lista provisional de admitidos 1 agosto de 2024.

Prazo de reclamación do 1 ao 2 de agosto, ata as 13:00h.

Lista definitiva de admitidos 6 de agosto.

**\* No caso de facer unha reclamación poden achegala ao correo do centro:**  
[cifp.vilamarin@edu.xunta.gal](mailto:cifp.vilamarin@edu.xunta.gal) (ter en conta que o prazo remata o 2 de agosto ás 13:00H)

Vilamarín a 24 de xuño de 2024

Asdo: Eva Fachado Rubio

Directora do CIFP de Vilamarín

